

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 7 DE OUTUBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día sete de Outubro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-  
Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 30 de Setembro.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Visto o escrito presentado por Don Antonio Vázquez Sobrino, veciño de Esposende, no que interesa información urbanística para construción dun galón na Estrada do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o informe emitido polos servicos técnicos do Concello, que di o seguinte: "O galpón que solicita atópase en avanzado estado de construción.- E preciso se remita o expediente á COTOP por afectar á estrada provincial OR-211.- O construído corresponde a edificación de planta baixa, cunha

superficie de 91,96 m<sup>2</sup>; pola súa forma constructiva, tipo de porta, illamentos, etc., enténdese que poderá dedicarse nun futuro a cámara de temperatura controlada; o emprazamento da obra sen licencia, corresponde á Ordenanza 4.11 e concretamente ó núcleo denominado Torre.- 4.11 Ordenanza SU/NR: Solo Urbano en Núcleos Rurais.- 4.11.1.- DEFINICION: Solo urbano ocupado por núcleos rurais, é dicir asentamentos de poboación superior a 50 habitantes e constituídos por áreas consolidadas pola edificación alomenos na metade da superficie e formados por terreos agrícolas con uso dominante o de vivenda familiar, edificacións agrícolas e dotacións propias da vida do núcleo, dispoñendo alomenos de acceso rodado, enerxía eléctrica e abastecemento de auga e saneamento en condicións sanitarias adecuadas.- 4.11.2.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano correspondente.- 4.11.3.- NORMAS DE USO.- 4.11.3.1.- USOS ADMITIDOS.- Vivenda familiar illada ou en liña, explotación agrícolas, pecuarias ou forestais. Os comerciais, culturais, relixiosos, deportivos, sanitarios de reunión, etc., ó servizo da vida de núcleo, así como industrias ou talleres conviventes e compatibles. Industrias vinculadas a iacementos. Construcións ou instalacións vinculadas ás obras públicas. Edificacións de utilidade pública ou social.- 4.11.4.- NORMAS DE VOLUME.- 4.11.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- En ordenación aberta: retranqueo frontal mínimo de 5 metros ou o indicado en SNU/PV: restantes retranqueos, tres metros. En ordenación cerrada: a definida por aliñacións estable.- 4.11.4.2.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Parcela mínima: uso de vivenda; ordenación aberta: 300 m<sup>2</sup>; uso de vivenda; ordenación cerrada fronte de mínimo 6 metros e fondo mínimo 10 metros; usos menores... sen límite; outros usos... igual ó de vivenda.- 4.11.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda... dúas plantas ou oito metros; usos menores... unha planta ou cinco metros; outros usos... os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas.- 4.11.4.4.- EDIFICABILIDADE.- Edificación aberta: 0,50 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> sen sobrepasa-la superficie edificada o 50% da parcela; edificación cerrada: a edificación poderá ocupar en altura un fondo máximo de 16 metros.- O resto da parcela poderá cubrirse nunha profundidade máxima do triple do fondo de edificación en altura".

Visto o escrito de Don José Manuel López López, veciño de San Cristovo, con domicilio na Cima do Lugar, 17, no que interesa información urbanística aplicable a un solar da súa propiedade sito no nº 44, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "Segundo as previsión do PERI de San Cristovo, o sinalado coa trama de

puntos corresponde a edificacións e espacios fóra de aliñación, ó resto do terreo e dentro da liña de edificación aplícaselle-la Ordenanza 2.1. CU., Conxunto Urbano con preservación parcial de carácter.- 2.1 Ordenanza CU: Conxunto Urbano con preservación parcial de carácter.- Definición.- Espacio en ordenación cerrada con patios interiores. Está constituída por edificios antigos e representativos da urbe, sendo preciso no mesmo unha conservación total do devandito carácter tradicional.- Ambito territorial.- Sinalado no plano de ordenación.- Normas de usos.- Usos admitidos: residencial, vivenda unifamiliar e agrupada (enténdese coma tal a colectiva que inclúe máis dunha vivenda por edificio); Industria e almacén, talleres domésticos e artesanais, así como almacéns compatibles ou conviventes coa vivenda, en segunda categoría; Comercial, comercio de calquera clase en planta baixa; Dotacional, calquera clase de primeira e segunda categoría, asimilable á ordenación cerrada; Usos prohibidos, tódolos demais.- Normas de Volume.- Condicións de posición, aliñación, as que se fixan; edificación entre medianerías.- Condicións de parcelación, a que dea lugar a unha vivenda que cumpra a lexislación de habitabilidade que lle é de aplicación.- Condicións estéticas; Voos, só se permitirán os voos abertos, formados por balcóns de 50 cms., como máximo de voo e sempre que o seu peto sexa de fundición ou ferro. Admitiranse, en obras de nova edificación, as galerías acristaladas, así mesmo, cun voo máximo de 50 cm.; Materiais en fachadas, as fachadas serán de pedra de granito de acordo co executado ata o momento; Cornisas, será obrigatoria a execución de cornisas nos beiriles dos tellados cuio voo máximo non poderá exceder de 30 cm.; Cubertas, as cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica curva. A pendente será do 45%, partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nos faldóns. A altura máxima de cunbrera será de 4,00 m. medidos dende a cara superior do último forxado. A iluminación dos locais baixo cuberta farase con fiestras en guardillas, mansardas e elementos similares. Os canalóns e baixantes serán metálicos.- Carpintería exterior: empregarase madeira ou aluminio lacado en cores similares ás existentes na actualidade. Nos edificios con fachada á igrexa permitirase exclusivamente carpintería de madeira. No ámbito de aplicación desta Ordenanza cando se proceda á rehabilitación de edificios deberanse mante-los elementos de carácter tradicional das edificacións como patíns e balconadas de madeira.- Condicións de edificación: a altura de cornisa e número de plantas máximas admitidas no núcleo será de dúas plantas como máximo (B+2) determinada sobre a fronte de mazá ou praza na que esta encravado o solar. O fondo máximo edificable será de 15 m., medido perpendicularmente á rúa".

Visto o escrito de Don Luís González González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero, no que interesa construción de muro de contención na marxe dereita da estrada Ribadavia-Carballiño, fronte ás Vivendas Sociais, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "Dado que o terreo no seu estado actual non precisa de muro de contención e a súa construción xustificárase unha vez realizado o seu vaciado, considérase que a liña frontal do muro situarase segundo a liña que definen as NN.SS., facilitando plano de aliñacións. Aportará proxecto técnico do muro coa súa ubicación segundo aliñación das NN.SS. na súa frontal, así como a contención das terras laterais ou propiedades colindantes. O proxecto e encargo de dirección serán na forma regulamentaria.- O uso segundo determinan as NN.SS.M."

Visto o escrito de Don Guillermo López Carballal, veciño de Francelos, con domicilio na rúa Ramal, no que fai referencia a devolución dun aval por importe de 129.840 pesetas, constituído pola construción da obra "Reparación da Escola de Francelos" e, visto tamén o informe emitido polos servizos técnicos deste Concello ó respecto, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a devolución do devandito aval.

Visto o expediente instruído a instancia de Don Ramón Gallego Quinteiros na representación de Recreativos RAMY S.L., veciño de Ourense, con domicilio en Avda Universidade, 27, no que solicita licenza municipal para a apertura de salón de máquinas recreativas na rúa General Aranda, 3, desta Vila e RESULTANDO: que admitido a trámite, procedeuse a realiza-la información pública co resultado que consta no expediente, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe do Sr. Xefe Local de Sanidade e o da Comisión de Goberno, órgano que ten asumida a competencia nesta materia por delegación expresa do Pleno.- RESULTANDO: que elevado o expediente á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo con data 24 de Setembro pasado informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ó cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto presentado.- RESULTANDO: que o lugar de emprazamento non é disconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.- CONSIDERANDO: que na tramitación deste expediente observáronse tódalas prescricións legais.- CONSIDERANDO: que é competencia da Comisión Municipal de Goberno a concesión da licenza solicitada. A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a concesión provisional da

licencia que se solicita, condicionada ó informe emitido pola Comisión de Patrimonio, debendo cumprilas observacións e medidas correctoras que no seu informe sinala dita Comisión Provincial de Medio Ambiente, debendo solicita-la licencia definitiva, para o que será indispensable que se levantase Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal. Practícase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construccións, Instalación e obras desta licencia, o cal importe é de 21.061 pesetas.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, comunicando resultados obtidas na análise da mostra recollida o día 17/9/96, comunicando como non apta a auga da zona de baño "Pozas de Francelos".

Da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sobre recurso contencioso-administrativo nº 02/0004617/1996.

Da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sobre recurso contencioso-administrativo nº 02/0004618/1996.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Setembro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ( Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta do contrato de espectáculos Festas do Portal 1996 á empresa Camoeiras Espectáculos Artísticos, por importe de 2.000.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta á empresa Infraestructuras y Construcciones Orensanas S.L., pola realización dos traballos preliminares de renovación do Padrón Municipal de Habitantes de 1996, por importe de 1.000.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a Segunda Certificación (5ª Xeral) do proxecto II/A do Edificio Administrativo e Oficinas de Correos en Ribadavia, por importe de 3.847.676 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a Segunda Certificación (6ª Xeral) do proxecto III/A do Edificio Administrativo e Oficinas de Correos en Ribadavia, por importe de 2.019.347 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a Primeira Certificación (7ª Xeral) do proxecto III/B do Edificio Administrativo e Oficinas de Correos en Ribadavia, por importe de 5.359.200 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención coma axuda para a festa realizada co motivo do Entroido/96, ás seguintes charangas: APA de E.X.B de Ribadavia, 150.000 pesetas; Asociación Cultural "Os Paragüeiros", 75.000 pesetas; Asociación "Lostrego" de San Paio, 75.000 pesetas; Asociación de Veciños San Cristovo, 25.000 pesetas; Charanga Valparaiso de Francelos, 150.000 pesetas.- Farase o aboamentos das devanditas cantidades, cando as dispoñibilidades económicas do Concello o permitan.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 150.000 pesetas o grupo teatral Do Vilar, para o montaxe da estrutura técnica da obra "Maria a mosca" e pola súa participación na XIII Edición da Mostra Interanacional de teatro. Farase o aboamento da devandita cantidade, cando as dispoñibilidades do Concello o permitan.

Aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 24 de Setembro de 1996 as Bases e Convocatoria pública para a provisión dos postos de traballo de carácter temporal para os postos de Monitor de Baloncesto, Monitor de Fútbol-Sala e dous Monitores de Balonmán

para desenvolver servizos proxectados polo Concello de Ribadavia para o ano 96/97, e unha vez transcurrido o prazo para a presentación de proposicións, a Comisión Municipal de Goberno examinado todas e cada unha delas así como tamén a documentación que se achega ás mesmas e de acordo co informe do Director do Servizo Municipal de Deportes, acordou por unanimidade, formular proposta de resolución da presente Convocatoria propoñendo que se designe como Monitor de Baloncesto a Don Carlos Alvarez Gulín; Monitor de Fútbol-Sala a Don José Miguélez Sales; Monitores de Balomán a Don Marcos Rodríguez Durán e Don Diego Lorenzo Pérez.

**ADXUDICACION DO CONCURSO PARA A CONTRATACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS DURANTE 1996/97 DAS ACTIVIDADES FISICO E DEPORTIVO-RECREATIVAS DE XIMNASIA RITMICA E AEROBIC NA ESCOLA MUNICIPAL.-**

Aprobado pola Comisión Municipal de Goberno na súa sesión ordinaria do 10 de Setembro de 1996 o prego de condicións para a prestación de servizos deportivos durante 1996/97 nas actividades físico deportivo recreativas de Ximnasia Rítmica e Aerobic na Escola Municipal; unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 218 de 20 de Setembro de 1996 e transcorrido o prazo para a presentación de proposicións, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, examinadas todas e cada unha delas así como tamén a documentación que se achega ás mesmas e, visto o informe do Director do Servizo Municipal de Deporte, acordou o seguinte: 1.- Declarar válido o acto de licitación.- 2.- Adxudica-lo concurso definitivamente para a contratación dos servizos deportivos durante 1996/97 nas actividades físico e deportivo recreativas de Ximnasia Rítmica e Aerobic da Escola Municipal; quedando a adxudicación do seguinte xeito: **XIMNASIA RITMICA.-** DON CARLOS FRANCISCO TOURIÑO GONZALEZ, na representación de INDIAKA S.L., con domicilio na rúa Virxen del Camino, 5, 4º, de Pontevedra, por importe de 2.600 pesetas/hora, impostos incluídos.- **AEROBIC.-** DON CARLOS FRANCISCO TOURIÑO GONZALEZ, na representación de INDIAKA S.L., con domicilio na rúa Virxen del Camino, 5, 4º, de Pontevedra, por importe de 3.500 pesetas/hora, impostos incluídos.- Na súa consecuencia, esta Comisión Municipal de Goberno, dispón que se lle notifique ós interesados esta decisión citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo, no prazo de cinco días, contado a partir da data da notificación.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.